

BANDA SONORA PARA A NOITE DE HALLOWEEN



A proposta consiste en crear a banda sonora terrorífica para a noite de Halloween. Pódense utilizar fragmentos musicais, efectos sonoros, os nosos propios sons gravados e todo o que a nosa creatividade nos inspire. Unha vez que temos escrita a historia que queremos expresar, seleccionamos as músicas e efectos que imos empregar. Creamos a montaxe de audio, unha secuencia que debe ter interese musical e unha pequena estrutura (inicio-desenvolvemento ou parte central-final) .

O máis importante é conseguir que a secuencia musical sexa o máis terrorífica posible, ten que dar medo ...

QUÉ FERRAMENTAS PRECISAREI PARA A ACTIVIDADE?

As músicas e/ ou efectos sonoros de Halloween pódense descargar dende distintas páxinas webs:

1- <https://www.halloween-sounds.com/free-halloween-sounds>

2- <https://pixabay.com/es/sound-effects/search/halloween/>

3- <https://soundddino.com/es/effects/halloween/>

A gravación da propia voz ou outros ruidos, así como a montaxe da secuencia musical se realizará coas ferramentas da web:

[123 Apps](#)

[Clipchamp.](#)

PRODUCTO FINAL QUE TES QUE ENTREGAR:

- **Banda sonora en formato MP3 con, alomenos, 5 fragmentos musicais diferentes e 3 ruidos e/ou efectos sonoros. A lonxitude do mp3 será de 1 minuto mínimo e 3 máximo. A banda sonora terá unha estrutura básica (presentación -desenvolvemento-final.) Utiliza cambios de intensidade no inicio (fade in) e no final (fade out)**

- Fai un **breve gui3n describindo a procedencia dos sons e o texto utilizado**. Pon o teu nome, apelidos e curso e editao en **formato PDF**.
- **P3dese ampliar a actividade cunha montaxe audiovisual** que ilustre a secuencia musical, con un collage de imaxes terroríficas, selfies con expresións de terror, etc.